



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLO CONCELLO DE ARTEIXO NO MARCO DO PROXECTO "ARTEIXO POLO EMPREGO XUVENIL 2018", COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO A TRAVÉS DA INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL E GARANTÍA XUVENIL.

Santiago de Compostela, 3 de mayo de 2018

COMPARECEN:

Por unha banda,

Don José Alfonso Marnotes González, director Xeral de Orientación e Promoción Laboral, nomeado por Decreto 148/2015, do 22 de outubro (DOG núm.203, do 23 de outubro) en representación da Xunta de Galicia en virtude da Resolución de 9 de xaneiro de 2018 do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria sobre delegación de sinatura.

E pola outra,

O Alcalde do concello de Arteixo, D. Carlos Calvelo Martínez, nomeado polo Pleno o día 13 de xuño de 2015.

Ambas as dúas partes recoñécense coa capacidade xurídica para actuar no presente acto e:

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entidades Locais, pertencente ó Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, a través da Resolución de 22 de agosto de 2017 convoca axudas AP-POEJ para o ano 2017, que se rexerán polas disposicións establecidas na Orde HAP/1337/2016, do 27 de xullo, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sostible de persoas xoves no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil.

En cumprimento do obxectivo específico 8.2.2, do eixo 5 do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, estas axudas teñen como finalidade a realización de actividades formativas que contribúan a reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais da mocidade non ocupada e non integrada nos sistemas de educación e formación, que teña entre dezaseis e trinta anos, e estea inscrita no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

As axudas AP-POEJ financiaranse mediante recursos do Fondo Social Europeo e da Iniciativa de Emprego Xuvenil, como instrumento financeiro da Garantía Xuvenil, no marco de intervención do FSE 2014-2020.

Igualmente, recóllese nesta Resolución que as entidades beneficiarias desta subvención son, por unha banda, os concellos con poboación superior a 20.000 habitantes, e por outra, as Deputacións, Cabildos Insulares e Comunidades Autónomas uniprovinciais ou Organismos Autónomos dependentes das anteriores.



XUNTA DE GALICIA

O Concello de Arteixo presentou o proxecto “ARTEIXO POLO EMPREGO XUVENIL” a esta convocatoria de axudas.

A través da Resolución do 29 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, concedéuselle unha axuda para un orzamento total elixible de 26.201,97 €

O “Plan ARTEIXO POLO EMPREGO XUVENIL” establece o municipio de Arteixo como ámbito xeográfico de implantación para o desenvolvemento dos itinerarios de formación e inserción profesional, que serán:

- Socorrismo en espazos acuáticos naturais (certificado de profesionalidade AFDP20209)

Na implantación práctica dos itinerarios observaranse, en todo caso, os requirimentos substanciais recollidos nos certificados de profesionalidade correspondentes:

SEGUNDO.- Entre as competencias que en materia laboral lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, consonte ó establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a de promoción do emprego e formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, do 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional, e no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a Formación Profesional como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego, mediante a cualificación, recualificación ou posta ó día das súas competencias profesionais.

TERCEIRO.- Ambas institucións comparten a crenza de que a mellor e máis prioritaria inversión é o capital humano. No momento actual, cómpre actuar conxuntamente e tomar medidas combinadas, que supoñan a optimización dos recursos públicos previstos polas diferentes administracións para incentivar e dinamizar o mercado e fomentar as cualificacións dos recursos humanos, contribuíndo a concretar algunha das actuacións propostas na Comunicación da Comisión ó Consello Europeo de 26 de novembro de 2008 denominada “Un plan europeo de recuperación económica” [COM (2008) 800 final].

Por todo o anterior, e na procura da optimización do uso de recursos públicos, en concreto, do financiamento proporcionado polo Fondo Social Europeo e pola Administración Local, ambas as partes consideran de interese a sinatura deste convenio, cos compromisos que a continuación se relacionan.,



XUNTA DE GALICIA

ACORDAN:

Sentar as bases, definidas nas cláusulas que a continuación se recollen, para que os itinerarios de formación establecidos no punto PRIMEIRO deste convenio, impartidos dentro do proxecto leven consigo a acreditación a través da expedición dos certificados de profesionalidade, que en todo caso, serán emitidos polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de cumprir os requisitos previstos para tal fin no presente convenio.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida a través dos itinerarios formativos asociados a os certificados de profesionalidade para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a cada un dos certificados de profesionalidade, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.

O obxectivo da formación desenvolvida é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A formación impartida realizarase de forma presencial, e desenvolverá todos os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade referidos.

Os medios materiais e didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán ós requirimentos esixidos nos reais decretos onde se regulan os certificados de profesionalidade correspondentes a cada itinerario.

SEGUNDA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE ARTEIXO

O Concello de Arteixo obrígase, mediante este convenio, a desenvolver os itinerarios formativos incluídos nos certificados de profesionalidade recollidos no parágrafo PRIMEIRO deste convenio, cumprindo cos requisitos esixidos na normativa referida. Nomeadamente comprométese a:

1. Comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria correspondente o calendario de desenvolvemento das accións formativas a impartir, o lugar onde se impartirá a formación teórica, o centro de traballo onde se realizarán as prácticas, o programa formativo en formato normalizado, co desenvolvemento de cada un dos módulos formativos que comprenda a acción formativa a impartir, a duración e os equipamentos necesarios, a relación dos docentes cos respectivos currículos. Ó finalizar as accións formativas comunicará a relación do alumnado que finalizou o curso con avaliación positiva.



XUNTA DE GALICIA

Empregar a aplicación informática SIFO (na que rexistrarán o calendario de realización de cursos, as actas de selección de candidatos como alumnos dun curso, a relación de alumnos e profesores coa súa asistencia por curso e día, as prácticas non laborais e, de ser o caso, os contratos), para facilitar o labor de supervisión, coordinación e control polos técnicos da Xefatura Territorial correspondente, pertencente á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2. Seleccionar o alumnado a través da oferta de formación do Servizo Público de Emprego de Galicia. Os criterios de selección que se aplicarán serán o cumprimento dos requisitos esixidos polo certificado e a pertenza a grupos ou colectivos de vulnerabilidade no emprego.

3. Verificar, con anterioridade ó inicio da acción formativa, que o alumnado reúne os requisitos esixidos para acceder á formación do nivel 2 e 3, segundo a normativa de referencia, e que a especialidade formativa segue de alta no ficheiro de especialidades formativas do SEPE.

4. Impartir a formación en locais acreditados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a impartición das especialidades formativas referidas neste convenio.

5. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como todas aquelas actuacións de avaliación, seguimento e control esixidas polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

6. Impartir os módulos de formación práctica en centros de traballo, segundo o previsto nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade e a comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria os convenios de colaboración cos anteditos centros de traballo.

7. Que todo o persoal docente, participante na formación, reúna as prescricións sobre formación e experiencia profesional recollidas no anexo IV de cada certificado, segundo o establecido nos respectivos reais decretos.

8. Avaliar ó alumnado por módulos formativos, de forma sistemática e continua, co obxectivo de comprobar os resultados da aprendizaxe e, en consecuencia, a adquisición das competencias profesionais, segundo o establecido nos reais decretos polos que se regulan os certificados de profesionalidade.

9. Asesorar na tramitación da solicitude dos certificados de profesionalidade a todas as persoas que cumprindo os requisitos de acceso á formación, a finalicen con avaliación positiva. En ningún caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquirirá a responsabilidade nin obriga ningunha respecto daquelas persoas que puideran participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade.

10. Desenvolver a formación aquí recollida con medios económicos procedentes do proxecto do Fondo Social Europeo aprobado, sen que en ningún caso a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquira ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.



XUNTA DE GALICIA

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA

A Consellería de Economía, Emprego e Industria obrígase a expedir os correspondentes certificados ou, no seu caso, as unidades de competencia, a quen o solicite e demostre ter superado todos os módulos correspondentes ó devandito certificado ou unidade de competencia, a través da formación impartida por esta institución correspondentes ós itinerarios de formación recollidos no punto PRIMEIRO deste convenio, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos neste convenio e na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

En ningún caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria adquirirá ningunha responsabilidade respecto daquelas persoas que puidesen participar na formación sen reunir os requisitos de acceso esixidos polos certificados de profesionalidade ou se a formación se impartise sen cumprir os requisitos propios do certificado nin ningún compromiso ou responsabilidade económica derivada do desenvolvemento e/ou xestión da mesma.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese unha Comisión mixta para o seguimento deste convenio, formada polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria ou persoa na que delegue, unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral designada polo anterior, o Alcalde de Arteixo ou persoa na que delegue, e unha persoa técnica designada pola Concellaría de Promoción e Desenvolvemento. Esta Comisión exercerá, principalmente, as seguintes funcións:

- Interpretación e resolución de cantas dúbidas ou conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do cumprimento deste convenio.
- Aqueloutras que, para o efecto, se lle encomenden.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, poñendo fin á vía administrativa.

Contra estas resolucións poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose a Lei 40/2015, de 1 de outubro, o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro e a Orde ESS/1897/2013, de 10 de outubro, os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e as lagoas que se presenten, de acordo co seu artigo 4.2, ou disposición equivalente da lei que a substitúa (Lei 9/2017, do 8 de novembro).



XUNTA DE GALICIA

SEXTA.- REXISTRO

Este convenio será obxecto de inscrición no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, tal e como establece o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto, consonte ó establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e os artigos 29 e seguintes da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SÉTIMA.- EXTINCIÓN OU RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas de extinción ou resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento das súas cláusulas por calquera das partes.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O mutuo acordo.

En caso de extinción ou resolución do convenio, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que ven referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.

OITAVA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes comprométense a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información que lles sexa subministrada en virtude do presente convenio, a non ser que por parte das mesmas se autorizase expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ó tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente convenio. Neste sentido as partes comprométense a cumprir adecuadamente e, en todo momento, as disposicións contidas na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta lei, e en calquera outras normas vixentes ou que no futuro poidan promulgarse sobre a devandita materia, comprometéndose a deixar indemne á outra parte de calquera responsabilidade que se puidese declarar como consecuencia do incumprimento das obrigas que en materia de protección de datos de carácter persoal lles incumben a cada unha delas.



XUNTA DE GALICIA

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste convenio será desde a sinatura ata que finalice o período de execución do proxecto, prórrogas incluídas (ata o 31 de decembro de 2018), sempre que non medie denuncia dalgunha das partes, formulada de forma fidedigna con tres meses de antelación, ou se dea por rematado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa maior.

De xeito anual, as partes asinarán as correspondentes addendas de actualización das actividades formativas, que non suporán necesariamente, salvo que o recollan expresamente, denuncia ou modificación deste convenio.

De conformidade, asinan este convenio por cuadriplicado no lugar e data sinalados no encabezamento,

O Director Xeral de Orientación e Promoción



José Alfonso Marnotes González

O Alcalde de Arteixo

Carlos Calvelo Martínez